STEG

NÓS MESMAS

# DIVERSIDADE

## sexual e de xénero

## UN MES CONTRA A LGTBFOBIA:

## XUÑO CON ORGULLO

FICHAS PARA TRABALLAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO

# UNIDADE DIDÁCTICA: ESO

## Recursos:

Curto: "Levántate"

Canción: "Firework", de Katy Perry

## Obxectivos:

1. Ser capaz de recoñecer as distintas formas de intolerancia e lgtbfobia na vida e no contorno de cada quen.

2. Ser capaz de recoñecer as motivacións persoais que levan a accións discriminatorias.

3. Ser capaz de identificar a importancia da responsabilidade persoal fronte ao grupo ou á sociedade no seu conxunto.

4. Ser capaz de identificar habilidades construtivas e comunicativas ou estratexias que poidan contrarrestar de forma eficaz as tendencias discriminatorias.

## ACTIVIDADE Nº1

Tempo aprox.: 30 min.




1. Proxectar a curta "Levántate" ata o minuto 2.27 (ao dicir "¿Non che colleu ninguén a man hoxe?").

2. Iniciar a reflexión sobre o que viron na curta, se lles parece unha situación real, sobre os sentimentos dos protagonistas, por que razón se discrimina... Despois dun momento de reflexión, pídeselles que imaxinen que ocorre iso no seu centro/escola… Que acontecería despois?; se estivesen alí, que farían elas/eles?, está nas súas mans cambiar o final da historia?, como se sentirían se lle ocorrese ao seu mellor amigo/a, a un/ha irmán/á?...

3. Pór o final da curta e pedir que, cunha soa palabra, definan o que pasou.

## ACTIVIDADE Nº2

Tempo aprox.: 40 min.

1. Proxectar o videoclip con subtítulos en castelán da canción “Firework”, de Katy Perry.



2. En pequenos grupos deberán facer un mural sobre o *bulling* lgtbfóbico e sobre como combatelo sendo eles/as as protagonistas do cambio (Para esta actividade é máis eficaz que os grupos de alumnado teñan acceso a internet e poidan facer buscas de información, ver outros vídeos facilitados polo profesorado, imprimir imaxes...).

3. Exporán de forma breve os seus murais ao resto da clase e colocaranos nun lugar visíbel; a poder ser, nos corredores do centro.

# RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:


**FELGTB y CCOO (2011): Familias de colores (2011) Madrid, Edita FELGTB**

**CIG (Centro di Iniziativa Gay) (2012): Rights against intolerance building and open-mind world Milán, Edita: CIG.**

**COGAM y CCOO (2007): Diferentes formas de amar. Guía para educar en la diversidad afectivo-sexual. Madrid, Edita: COGAM**

**COGAM (2005): Colección Cuentos para la diversidad. Madrid, Edita: COGAM**


# CONTACTO NÓS MESMAS:


**Asociación Nós Mesmas**

**627736965**

**nosmesmas@felgtb.orghttp://www.nosmesmas.com**

**www.nosmesmas.com**

**asonosmesmas.blogspot.com**


**Nós Mesmas forma parte de:**

FELGTB
www.felgtb.org

ACADAR
Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia